

PRÓLOGO

Presentamo-la canción Alén do Mar, unha canción baseada nun tema andino creado por A. Tejada Gómez e César Isella e arranxado para dúas voces brancas e instrumentos escolares polo departamento de música do I.E.S. Leiras Pulpeiro.

O feito de que pensáramos nunha letra alusiva á emigración e que elixíramos unha obra musical de claras raíces sudamericanas débese a un intento pola nosa parte de integrar un pouco máis na nosa cultura o crecente número de alumnos desta procedencia que nos últimos anos ven chegando ó noso centro, así como de achegar tamén ós rapaces galegos ó tema da emigración.

Todo isto levounos a pensar que sería unha boa idea trata-la nosa cultura e a nosa lingua dende o punto de vista de quen se ve separado dela ou de quen se ve inmerso nela procedendo doutra moi distinta.

Dividímo-la canción en tres bloques de temática e ritmo diferente:

- Un primeiro bloque, de ritmo vivo, no que a letra fai referencia ós que se alonxan da súa terra, cultura e fala para marchar alén do mar.*
- Un segundo bloque, de ritmo máis lento e música máis melancólica no que se pon en boca do emigrante unha reflexión sobre o racismo.*

Un terceiro bloque, musicalmente idéntico ó primeiro, cunha mensaxe máis positiva sobre a aceptación da nova terra, cultura e fala coa que o emigrante se vai a atopar no seu destino.

Esperamos con esta canción rendir unha homenaxe tanto a estes alumnos que proceden alén do mar e que se esforzan día tras día en entender e mesmo falar a nosa lingua, como a aqueles galegos que hai anos víronse na obriga de marchar a outros países, moitos deles tamén alén do mar.